

**PROGRAMACIÓN DE 2º CICLO
DE EDUCACIÓN INFANTIL**

CURSO 2018-19

CPI TINO GRANDIO

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI Tino Grandío conta con 13 unidades distribuídas do seguinte xeito: 3 unidades de Educación Infantil, 6 de Primaria e 4 de Educación Secundaria Obrigatoria. En total conta con x alumnos distribuídos do seguinte xeito:

4º de Educación Infantil	12 alumnos/as
5º de Educación Infantil	8 alumnos/as
6º de Educación Infantil	12 alumnos/as
1º de Educación Primaria	10 alumnos/as
2º de Educación Primaria	12 alumnos/as
3º de Educación Primaria	10 alumnos/as
4º de Educación Primaria	9 alumnos/as
5º de Educación Primaria	10 alumnos/as
6º de Educación Primaria	10 alumnos/as
1º de ESO	19 alumnos/as
2º de ESO	17 alumnos/as
3º de ESO	7 alumnos/as
4º de ESO	9 alumnos/as

O centro sitúase no concello de Guntín, con 156 km² e que inclúe 32 parroquias. Limita ai norte con Friol e Lugo, ao sur con Portomarín, ao leste co Corgo e co Páramo, e ao oeste con Monterroso e Palas de Rei. Está situado a 19 km da capital provincial, coa que se comunica a través da N-540. Está situado a uns 550 m de altitude, na planicie lucense.

A economía deste concello céntrase no sector primario. Ten 2.000 ha de prados naturais e pasteiros, máis de 4.000 de terras de labranza (destacando o pemento, centeo, pataca, millo e nabo), e unhas 9.000 de uso forestal (carballo, castiñeiro, piñeiro do país e pequenos grupos de freixos, bidueiros, e cerdeiras).

Durante todo o curso escolar, o equipo de educación infantil traballa de forma coordinada para conseguir melloras en tódolos ámbitos.

Temos en conta os diferentes documentos do centro: Normas de organización e funcionamento, Programación Xeral Anual, Programación de Actividades e Tarefas, e tamén a seguinte normativa:

- Real Decreto 1630/ 2006 de 29 de decembro, establece para todo o estado as ensinanzas mínimas para a Ed. Infantil.
- O Decreto 330/2009 do 4 de xuño establece o currículo de Ed. Infantil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel fíxanse os principios xerais, fins e obxetivos referidos no conxunto desta etapa.
- O Decreto 79/2010 do 20 de maio refírese o plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia.

2 CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Segundo a Lei Orgánica de Educación 2/2006 (LOE), en Educación Infantil séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social das nenas e os nenos e intégranse aprendizaxes que están na base do logro das competencias que se consideran básicas para todo o alumnado.

Enténdese por competencia a capacidade do neno e da nena de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos coma as habilidades ou coñecementos prácticos, así como as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia vai pois, máis aló do saber estar e do saber facer ou aplicar, xa que inclúe ademais o saber ser ou estar.

O goberno autonómico, o estatal e tamén a Unión Europea identifican oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

En canto ás áreas, en Educación Infantil, o Decreto 330/2009, establece tres: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento do contorno, Linguaxes: comunicación e representación. A pesar desta clasificación, as características dos nenos e das nenas desta etapa, aconsellan, ao igual que o Decreto 330 antes mencionado, que se traballen de forma globalizada. Así deste xeito os contidos do proxecto no nivel de 3 anos, relacionados con estas competencias, quedan organizados do seguinte xeito:

- *COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA*

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. No caso da Educación Infantil, as destrezas de falar e de escoitar son prioritarias en lingua galega e en lingua castelá, e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e de relatos.

Contidos que a desenvolven:

- Utilización e valoración progresiva da Lingua Oral para relatar feitos, e para comunicar ideas e sentimentos.
- Uso progresivo de léxico preciso e variado.
- Escoita e comprensión de contos, de poemas, de adiviñas e de series.

- Achegamento á Lingua Escrita: palabras, imaxes, pictogramas, frases. Realización de grafos.
- Utilización da Biblioteca con respecto e con coidado.
- Descubrimento e experimentación de acenos e de movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, de danza e de xogo simbólico.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións en lingua estranxeira, relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de maneira coherente, as habilidades matemáticas e para que as utilicen de xeito automatizado. Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

Contidos que a desenvolven:

- Os obxectos e os materiais presentes no medio. Percepción e identificación das súas calidades.
- Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo: «dentro-fóra», «arriba-abaixo», «enriba-debaixo», «preto-lonxe».
- Relacións de orde, seriacións, clasificacións, secuencias temporais, crebacabezas.
- Interese pola exploración de obxectos de forma plana (cadrado, círculo, triángulo, rectángulo).
- Achegamento á cuantificación de coleccións, utilizando o conteo como estratexia.
- Achegamento á serie numérica (1, 2, 3, 4) e aos seus grafos.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

Nesta etapa da educación, os alumnos amplían o seu coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, cos obxectos, coa exploración do espazo e do tempo.

Contidos que a desenvolven:

- Identificación de elementos naturais: auga, sol, plantas, terra e as súas consecuencias.
- Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características e cambios nos seres vivos: as estacións, ciclo vital, etc.
- Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e as súas consecuencias.
- Curiosidade, coidado e respecto cara aos animais e ás plantas, e interese e gusto controlado na súa relación con eles. Alimentos de orixe vexetal e animal.
- Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade. Coñecer e valorar distintas profesións: mestre, xardineiro, médico.

- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento: compartir, resolver conflitos mediante o diálogo, relación equilibrada entre nenos e nenas.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Esta competencia baséase no uso axeitado das tecnoloxías da sociedade da información, como ferramenta de traballo, de lecer e de comunicación. Os alumnos da etapa de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e con algúns dos seus usos.

Contidos que a desenvolven:

- Iniciación no coñecemento e no uso de instrumentos tecnolóxicos ordenados, cámara fotográfica, teléfono... como elementos de comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

- **COMPETENCIA SOCIAL**

Refírese ás formas de comportamento que preparan as persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos desta etapa da educación serán competentes para escoitar, para respectar a quenda de intervención, para presentarse, para prestar axuda...

Contidos que a desenvolven:

- A familia: composición da propia e relacións de parentesco.
- Respecto ás normas familiares.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.
- Actividades en familia.
- O colexio: nenos e adultos. O docente, o seu nome.
- Identificación dos espazos habituais no colexio: a clase, os servizos, o patio e actividades que se realizan neles.
- Establecemento de relacións equilibradas entre nenos e nenas.
- Comportamentos axeitados e inaxeitados na rúa.
- Coñecemento e respecto ás normas de convivencia familiar, escolar e normas básicas de circulación viaria.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade.
- Valoración e respecto cara ás profesións relacionadas cos servizos á comunidade.
- Participación activa e interesada en actividades sociais, culturais e costumes da localidade: o Entroido, o Nadal, o Día do libro, o Día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia está ligada á de achegamento ao mundo que o rodea, pois as dúas contribúen ao coñecemento, á comprensión, ao uso e á valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

Contidos que a desenvolven:

- Experimentación e descubrimento das cores primarias: verde, rosa, branca e negra.
- Interpretación e valoración dalgunhas obras de arte.
- Realización de obras plásticas: laminas, obradoiros, debuxo libre. Con diferentes materiais e técnicas.
- Recoñecemento de sons do medio natural e social, e de instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais. Identificación de contrastes básicos.
- Interpretación de cancións.
- Descubrimento e experimentación de acenos e de movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, de danza e de xogo simbólico.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio, participando con interese en actividades sociais e culturais.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

A etapa da Educación Infantil é fundamental para que os nenos e as nenas poidan aprender gozando, e facelo dun xeito eficaz e autónomo de acordo coas esixencias en cada situación.

Contidos que a desenvolven:

- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade.
- Nocións básicas de orientación en espazos e en labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas motrices e expresivas propias e doutros.
- Psicomotricidade: actividade motriz; xogos con obxectos; circuíto; relaxación.
- Control postural: o corpo e o movemento; grafomotricidade.
- Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia constrúese dende o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través do uso do propio corpo, cada vez de xeito máis efectivo.

Contidos que a desenvolven:

- Exploración do propio corpo: esquema corporal.
- Sensacións e percepcións.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e doutros.
- A autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Lateralidade: estimulación sensorial.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación completa, descanso.
- Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos.
- Valoración da actitude de axuda doutras persoas.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

Os contidos do proxecto no nivel de 4 anos, relacionados con estas competencias, quedan organizados do xeito seguinte:

- *COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA*

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. No caso da Educación Infantil, as destrezas de falar e de escoitar son prioritarias en lingua galega e en lingua castelá, e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e de relatos.

Contidos que a desenvolven:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e para comunicar ideas ou sentimentos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso progresivo do vocabulario básico e do de cada Unidade, de maneira comprensiva e con pronuncia clara e correcta.
- Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles para formar frases. Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade correcta.
- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita.
- Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe.
- Comprensión dalgúns poemas, dalgúns trabalinguas e dalgunhas adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles.

- Descubrimiento e experimentación de acenos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións en lingua estranxeira, relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de xeito coherente, as habilidades matemáticas e para que as utilicen de maneira automatizada. Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

Contidos que a desenvolven:

- Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»).
- Resolución de situacións problemáticas: sumas (signos «máis» e «igual»).
- Interese pola exploración de obxectos do medio para identificar tamaños (regretas).
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo.
- Percepción e identificación de atributos e de calidades de obxectos («alto-baixo», «encollido-estirado», «ancho-estreito», «o máis grande», «liso-rugoso», «grande-mediano-pequeno»), relacionándoos entre si.
- Clasificacións, seriacións, resolución de crebacabezas.
- Situación temporal de actividades da vida cotiá: secuencia temporal.
- Achegamento á cuantificación de coleccións: «moitos-ningún», «cheo-baleiro», «metade», «hai igual», «tantos como», «máis-menos». Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais.
- Correspondencias entre coleccións.
- Achegamento á serie numérica e ao seu grafo (números 1 ao 7 e as súas regretas), e a súa utilidade oral para contar. Concienciación da súa funcionalidade na vida cotiá.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

Nesta etapa da educación, os alumnos amplían o seu coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, cos obxectos, coa exploración do espazo e do tempo...

Contidos que a desenvolven:

- Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.

- Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións. Comparación das súas características.
- Cambios na vida das plantas, das persoas e dos animais. Ciclo vital dalgúns plantas e dalgúns animais.
- Elementos da Natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos.
- Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario da aula.
- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais.
- Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Esta competencia baséase no uso adecuado das tecnoloxías da sociedade da información, como ferramenta de traballo, de lecer e de comunicación. Os alumnos da etapa de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e con algúns dos seus usos.

Contidos que a desenvolven:

- Concienciación progresiva do uso moderado, e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgún deles, intentando comprender o seu funcionamento de xeito elemental.

- **COMPETENCIA SOCIAL**

Refírese ás formas de comportamento que preparan as persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos desta etapa da educación serán competentes para escoitar, para respectar a quenda de intervención, para presentarse, para prestar axuda...

Contidos que a desenvolven:

- A familia: composición da propia e relacións de parentesco.
- Respecto ás normas familiares.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.
- Actividades en familia.
- O colexio: nenos e adultos. O docente, o seu nome.
- Identificación dos espazos habituais no colexio: a clase, os servizos, o patio e actividades que se realizan neles.
- Establecemento de relacións equilibradas entre nenos e nenas.
- Comportamentos axeitados e inaxeitados na rúa.

- Coñecemento e respecto ás normas de convivencia, familiar, escolar e normas básicas de circulación viaria.
- Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros.
- Valoración e respecto cara ás profesións relacionadas cos servizos á comunidade.
- Participación activa e interesada en actividades sociais, culturais e costumes da localidade: o Entroido, o Nadal, o Día do Libro, o Día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración de forma afectuosa: axuda, solidariedade, colaboración, cooperación, amizade, amor.

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia está ligada á de achegamento ao mundo que o rodea, pois as dúas contribúen ao coñecemento, á comprensión, ao uso e á valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

Contidos que a desenvolven:

- Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e de diferentes cores.
- Interpretación e valoración de obras de arte de diferentes autores.
- Expresión e comunicación de feitos, de emocións e de fantasías a través de debuxos e doutras producións, utilizando diferentes técnicas e materiais.
- Recoñecemento de sons do medio, identificando a súa procedencia.
- Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais, identificando os seus ritmos.
- Participación e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.
- Descubrimento e experimentación de acenos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio, participando con interese en actividades sociais e culturais.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

A etapa da Educación Infantil é fundamental para que os nenos e as nenas poidan aprender gozando e facelo dun xeito eficaz e autónomo de acordo coas esixencias en cada situación.

Contidos que a desenvolven:

- Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros.
- Control postural, nocións básicas de coordinación, de movemento e de orientación. O corpo e o movemento.
- Grafomotricidade e a súa realización, traxectos e labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades e das limitacións perceptivas, motrices e expresivas, propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuío, relaxación.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar a vez, escoitar os outros, etc.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia constrúese dende o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través do uso do propio corpo, cada vez de forma máis efectiva.

Contidos que a desenvolven:

- Exploración do propio corpo. Lateralidade: lados dereito e esquerdo.
- Esquema corporal. Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros.
- Identidade sexual.
- Identificación e utilización dos sentidos: sensacións e percepcións. Discriminación auditiva e visual.
- Identificación, expresión e valoración de sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, valentía, autocontrol, autoestima, empatía, heterocentrismo, tolerancia, afrontar a intolerancia.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal; alimentación (inxesta de alimentos variados, incluíndo os de orixe vexetal); descanso axeitado, respectando os horarios de sono e vixilia.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do medio.
- Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran. Valorala.
- Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar a vez, escoitar os outros, etc

Os contidos do proxecto no nivel de 5 anos, relacionados con estas competencias, quedan organizados do xeito seguinte:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. No caso da Educación Infantil as destrezas de falar e de escoitar son prioritarias en lingua galega e en lingua castelá, e exclusivas na

lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e de relatos.

Contidos que a desenvolven:

- Utilización da lingua oral para comunicar e para expresar ideas, pensamentos e desexos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e con respecto. Uso do léxico preciso e variado. Estruturación gramatical correcta. Entoación e pronuncia clara.
- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. Segmentación de palabras en sílabas.
- Achegamento ao uso da lingua escrita.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado.
- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, series, refráns, contos populares e creados para cada Unidade.
- Utilización de acenos e de movementos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Representación de personaxes, de feitos e de situacións cotiás.
- Participación e gozo en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Comprensión dalgunhas palabras e dalgunhas expresións en lingua estranxeira, relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

- *COMPETENCIA MATEMÁTICA*

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de xeito coherente, as habilidades matemáticas e para que as utilicen de maneira automatizada. Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

Contidos que a desenvolven:

- Propiedades de obxectos e de materiais presentes no medio.
- Situación de si mesmo e de obxectos no espazo: «entre», «antes de-despois de». Propiedades de obxectos: «aberto-pechado», «rápido-lento», «pesado-lixero». Composición de crebacabezas.
Formas planas (cadrado, rectángulo, rombo, óvalo) e corpos xeométricos (cono, esfera).
- Clasificacións. Ordenacións. Seriacións.
- Cuantificadores: «hai máis-hai menos», «metade», «igual que».
- Nocións temporais básicas: «onte, hoxe, mañá». «Mañá, tarde, noite». «Antes-despois». Ordenación temporal: historietas.
- Produto cartesiano.
- Conteo. A serie numérica ata o 10. Cantidade e grafo.

- Composición e descomposición do 7, 8 e 9. A funcionalidade dos números. Regretas. Os números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º. Primeiro e último.
- Situacións problemáticas: suma e resta.
- Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. Os días da semana. Situación temporal de actividades cotiás.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

1- Nesta etapa da educación, os alumnos amplían o seu coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, cos obxectos, coa exploración do espazo e do tempo...

Contidos que a desenvolven:

- As estacións do ano e as súas características.
- As vacacións. A area, a auga e o sol: características, conservación e protección.
- A auga e os seus estados.
- Plantas aromáticas e a súa utilidade. Ciclo vital das plantas.
- Animais en distinto hábitat. Animais de axuda e de compañía, herbívoros e carnívoros. Curiosidade e respecto cara aos animais.
- Conservación e protección da Natureza.
- Gozo en actividades ao aire libre.
- Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e reflexo no calendario.
- Feitos relevantes: «Día Mundial do Medio Ambiente», 5 de xuño.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Esta competencia baséase no uso axeitado das tecnoloxías da sociedade da información, como ferramenta de traballo, de lecer e de comunicación. Os alumnos da etapa de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e con algúns dos seus usos.

Contidos que a desenvolven:

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación (teléfono, radiocasete, gravadora, vídeo, cámara de fotos, ordenador, impresora, etc.).
- Aplicación do vocabulario específico. Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.

- **COMPETENCIA SOCIAL**

Refírese ás formas de comportamento que preparan as persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos desta etapa da educación serán competentes para escoitar, para respectar a quenda de intervención, para presentarse, para prestar axuda...

Contidos que a desenvolven:

- A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais.
- A rúa. Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade: profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas.
- Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo, de observación.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañeirismo.
- Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade: interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.
- Recoñecemento dos sinais de identidade cultural do medio e interese por participar neles: «Día Universal da Infancia», «Día da Paz», «o Entroido», «Día do Libro», «Día das Letras Galegas», «Día da Nai».

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia está ligada á de achegamento ao mundo que o rodea, pois as dúas contribúen ao coñecemento, á comprensión, ao uso e á valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

Contidos que a desenvolven:

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo, etc.).
- Identificación das tonalidades: clara e escura das cores.
- Obras de arte: observación, interpretación e gozo.
- Expresión e comunicación de feitos e de emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e dos seus contrastes.
- O timbre dos instrumentos.
- Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Audición interesada de obras musicais.
- Utilización de acenos e de movementos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Representación de personaxes, de feitos e de situacións cotiás.
- Participación e gozo en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

A etapa da Educación Infantil é fundamental para que os nenos e as nenas poidan aprender gozando e facelo dun xeito eficaz e autónomo de acordo coas esixencias en cada situación.

Contidos que a desenvolven:

- Gusto polo xogo. Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo.
- Participación e confianza nas propias posibilidades.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto e relaxación.
- Deportes e xogos de auga. Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos. Labirintos e a súa resolución.
- Realización de actividades grafomotrices.
- Normas que regulan a vida cotiá.
- Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo, de observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañeirismo.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia constrúese dende o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través do uso do propio corpo, cada vez de maneira máis efectiva.

Contidos que a desenvolven:

- O corpo humano: exploración. O esquema corporal: situación e representación. Os sentidos: sensacións e percepcións. Lateralidade: «dereita-esquerda».
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo.
- Identificación, expresión e denominación de emocións e de sentimentos, propios e alleos, e o seu control progresivo.
- Formación dunha imaxe positiva de si mesmo a través da interacción cos outros, identificando as características propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, evitando actitudes discriminatorias.
- As actividades da vida cotiá.
- Iniciativa e progresiva autonomía.
- Normas que regulan a vida cotiá. Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo, de observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañeirismo.
- Práctica de hábitos saudables de hixiene corporal, de alimentación, de vestido, de descanso e de aceptación das normas de comportamento establecidas.

- A saúde e a enfermidade. Prevención de accidentes.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran e a súa valoración.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Valoración axustada dos factores de risco.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

3 OBXECTIVOS

SEGUNDO CICLO

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- l) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

4 SECUENCIA DE CONTIDOS

O Real Decreto (1630/2006) desenvolve as ensinanzas mínimas na Educación Infantil .

Os contidos educativos da Educación Infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, e abórdanse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.

As áreas do segundo ciclo da Educación Infantil son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Esta área de coñecemento e de experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deben interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.
- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Aceptar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, de axuda e de colaboración, evitando comportamentos de submisión ou de dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e de benestar emocional.

Contidos

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe

- O corpo humano. Exploración do propio corpo. Identificación e aceptación progresiva das características propias. O esquema corporal.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. As referencias espaciais en relación co propio corpo.

- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.
- As necesidades básicas do corpo. Identificación, manifestación, regulación e control delas. Confianza nas capacidades propias para a súa satisfacción.
- Identificación e expresión de sentimentos, de emocións, de vivencias, de preferencias e de intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e das características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

Bloque 2. Xogo e movemento

- Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. Gusto polo xogo.
- Control postural: o corpo e o movemento. Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Exploración e valoración das posibilidades e das limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais. Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación.
- Comprensión e aceptación de regras para xogar, participación na súa regulación e valoración da súa necesidade e do papel do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.

Bloque 3. A actividade e a vida cotiá

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Normas que regulan a vida cotiá. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización delas.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo. Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e colaboración, e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde

- Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso. Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoración da actitude de axuda doutras persoas.
- Gusto por un aspecto persoal coidado. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- A dor corporal e a enfermidade. Valoración axustada dos factores de risco, adopción de comportamentos de prevención e de seguridade en situacións habituais, actitude de tranquilidade e de colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiáns que favorecen ou non a saúde.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

Con esta área de coñecemento e experiencia, preténdese favorecer en nenos e en nenas o proceso de descubrimento e de representación dos diferentes contextos que compoñen o medio infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de maneira reflexiva e participativa. A apreciación da diversidade e da riqueza do medio natural, o descubrimento de que as persoas formamos parte dese medio e a vinculación afectiva a el son a base para fomentar actitudes habituais de respecto e de coidado.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Observar e explorar, de xeito activo, o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse cos demais, de maneira cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.

- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, de clasificación, de orde e de cuantificación.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.

Contidos

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida

- Os obxectos e materias presentes no medio, as súas funcións e usos cotiáns. Interese pola súa exploración e actitude de respecto e de coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Percepción de atributos e de calidades de obxectos e de materias. Interese pola clasificación de elementos e por explorar as súas calidades e graos. Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Achegamento á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo como estratexia de estimación e de uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Achegamento á serie numérica e a súa utilización oral para contar. Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Exploración e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida. Achegamento ao seu uso.
- Estimación intuitiva e medida do tempo. Situación temporal de actividades da vida cotiá.
- Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.

Bloque 2. Achegamento á Natureza

- Identificación de seres vivos e de materia inerte como o sol, animais, plantas, rochas, nubes ou ríos. Valoración da súa importancia para a vida.
- Observación dalgúns características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Achegamento ao ciclo vital.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles, rexeitando actuacións negativas.
- Observación de fenómenos do medio natural (chuvia, vento, día, noite...). Formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias.
- Gozo ao realizar actividades en contacto coa Natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade

- A familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo, de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio e interese por participar en actividades sociais e culturais.
- Identificación dalgúns cambios no xeito de vida e nos costumes en relación co paso do tempo.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Esta área de coñecemento e de experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e de representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais. No uso das distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubriendo a mellor adaptación de cada un deles á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito se facilitará que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das citadas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e de representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da Información e da Comunicación, que, en certa maneira, integra as anteriores. Tamén se pretende que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, de maneira funcional, despertando e afianzando o seu interese por eles.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, de aprendizaxe e de gozo, de expresión de ideas e de sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.

- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitudes de valoración, de gozo e de interese cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, de información e de gozo.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e de expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicárense en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

Contidos

Bloque 1. Linguaxe verbal

1.1. escoitar, falar e conversar

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico preciso e variado e con crecente precisión, estruturación apropiada das frases, entoación axeitada e pronunciación clara.
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, de textos e de relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e con respecto.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e en situacións habituais de comunicación.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

1.2. Achegamento á lingua escrita

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, de información e de gozo. Interese por explorar algúns dos seus elementos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e de frases escritas, moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.
- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Interese e atención na escoita de narracións, de explicacións, de instrucións ou de descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linearidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

1.3. Achegamento á literatura

- Escoita e comprensión de contos, de relatos, de lendas, de poesías, de rimas ou de adiviñas, tanto tradicionais coma contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios, e gozo e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e de gozo.

Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e de imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Bloque 3. Linguaxe artística

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...).
- Expresión e comunicación de feitos, de sentimentos e de emocións, de vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.
- Interpretación e valoración progresivamente axustada de diferentes tipos de obras plásticas presentes no medio.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e para a creación musical.
- Recoñecemento de sons do medio natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, forte-suave, agudo-grave).
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

Bloque 4. Linguaxe corporal

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motrices do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.
- Representación espontánea de personaxes, de feitos e de situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

5 ACTIVIDADES.

Para levar a cabo as actividades deberemos respectar o disposto na Orde do 22 de xullo do 97, o Decreto 330/2009 e a orde 13 de xuño de 2014, e tamén debemos ter en conta, que aínda que todas as áreas se traballan de forma globalizada, realizaranse sesións específicas de música, plástica, psicomotricidade e de fomento de habilidades lectoras, para lograr unha progresión máis sistemática e coherente dos contidos.

En todas e cada unha das Unidades Didácticas, faremos **actividades iniciais**, que susciten o interese e a participación cara os contidos a traballar, **actividades de desenvolvemento**, coas que o neno/a descubra, organice e relacione a información. Dentro destas actividades de desenvolvemento temos que destacar a existencia de actividades de lóxica matemática, e actividades

de lecto-escritura. En canto á lecto-escritura, nun primeiro momento debemos comprobar a madurez lecto escritora nos nosos discentes. Para iso comprobaremos o dominio do esquema corporal; a discriminación visual e auditiva; lateralización definida; grao de interese e motivación; capacidade de razoamento; coordinación óculo-manual; dominio da motricidade muscular fina; orientación espazo-temporal; ritmo e orde.

Para traballar este proceso lectoescritor, empregaremos un método Ecléptico ou mixto, e apoiaremos en recursos como ilustracións, dramatizacións, conversas traballando diferentes aspectos da linguaxe: comprensión, expresión oral, concentración, atención, percepción de palabras e letras, discriminación...

En canto á lóxica-matemática, as actividades teñen moita importancia en infantil, posto que nela trabállanse coñecementos que se aplican na vida diaria. As capacidades que se deben a ter en conta para este traballo son as lóxicas, perceptivas, comprensivas, de simbolización, abstracción e resolución de problemas.

Logo de realizar as actividades de desenvolvemento, remataremos con **actividades finais**, que permitirán afianzar as capacidades que se pretenden acadar, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a posible necesidade de **actividades de reforzo ou de ampliación**. Estas actividades quedarán recollidas en cada unha das unidades didácticas, dentro das programacións de aula de cada un dos cursos.

Non podemos esquecernos no noso quefacer diario dunha serie de rutinas que axudarán ós nenos e ás nenas a acadar hábitos óptimos como, por exemplo, lavar as mans antes de comer, lavar os dentes, recoller a clase despois de cada actividade...Ademais, a iniciación á lecto-escritura e á lóxica matemática, tamén serán un obxectivo nas nosas actividades.

Todas estas actividades, irán dirixidas por diferentes mascotas, xa que unha mascota na aula, é un elemento motivador para os nenos, que se identificarán con el.

6 TEMPORALIZACIÓN

Na escola infantil o tempo é un elemento importante da acción educativa que debe entenderse non só como un instrumento para a organización da vida escolar, senón tamén como un elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e das nenas.

Este recurso débese organizar de maneira flexible, combinando tempos de actividade con tempos de descanso e actividades libres e espontáneas con actividades dirixidas, de maneira que queden cubertas as necesidades básicas do neno ou da nena (alimento, cambios, soños, etc.) e que cada un deles conte co tempo necesario para poder xogar, explorar e aprender coa persoa adulta e outros compañeiros e compañeiras, de acordo aos seus ritmos individuais.

Outro aspecto que debe terse en conta ao organizar os tempos diarios é o non establecer diferenzas, nin divisións entre tempos de traballo e tempos de lecer xa que toda a estancia do neno e da nena na escola é considerada como tempo educativo.

A organización temporal contribúe a crear rutinas que favorecen a sistematización das tarefas e que lles dan seguridade aos nenos e ás nenas, ao saber con antelación as actividades que van realizar nun momento determinado e o que teñen que facer. Para que os nenos e as nenas teñan puntos de referencia o/a docente pode proporcionarlles algunhas pautas: Respetar a secuencia temporal dalgunhas actividades rutineiras, establecer mecanismos para indicar o inicio e a finalización das actividades, lembrarilles as cousas que fixeron ao longo do día e da semana, etc.

Debido aos cambios que se producen nestas idades en poucos meses é necesario pensar e planificar as modificacións de espazos, tempos e materiais que se irán producindo ao longo do ano a medida que as necesidades das nenas e dos nenos o requiran.

7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo, global e sectorialmente, manifestando confianza nas súas posibilidades e respecto aos demais.
2. Participar en xogos, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas, e regulando a expresión de sentimentos e de emocións.
3. Realizar, autonomamente e con iniciativa, actividades habituais para satisfacer necesidades básicas, consolidando progresivamente hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles. Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas ostensibles; discriminar e comparar algunhas magnitudes e cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica.
2. Dar mostras de interesarse polo medio natural, identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á Natureza e participar en actividades para conservala.
3. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu medio, algunhas características da súa organización e os principais servizos comunitarios que ofrece. Poñer exemplos das súas características e manifestacións culturais e valorar a súa importancia.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. Utilizar a lingua oral do xeito máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e cos adultos, segundo as intencións comunicativas, e comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

2. Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.

3. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, amosando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.

8 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación Inicial de 3 anos

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Sobe e baixa escaleiras:
- Salta dende pequenas alturas:
- Corre:
- Camiña cara a atrás:
- Lanza e recolle o balón a pouca distancia:
- Dálle patadas a unha pelota:
- Quita algunhas pezas de roupa sen axuda:
- Pon algunhas pezas de roupa sen axuda:
- Resga papel:
- Ensarta bólas grosas:
- Sinala partes do seu corpo:

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO.

- Sabe o nome do docente:
- Sabe o nome dalgúns compañeiros:
- Utiliza funcionalmente obxectos do seu medio:
- Localiza a súa aula e outros lugares (baño, servizos):
- Xoga con outros nenos e nenas:
- Asimila progresivamente normas de convivencia:
- Respecta os animais e as plantas:

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comprende mensaxes orais sinxelas:
- Presta atención durante uns minutos:

- Escolta con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Participa con interese en actividades expresivas plásticas.....
- Participa con interese en actividades expresivas musicais.....
- Descubren as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo.....
- Participa con interese en actividades expresivas corporais.....
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC

IV LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

. Mantén una actitude positiva cara á lingua extranxeira.....

. Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, acción) en actividades desenvolvidas na lingua extranxeira.....

. Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua extranxeira...

. Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua extranxeira.....

.....

V RELIXIÓN CATÓLICA

Participa nas diferentes actividades e amósase colaborador/a coas compañeiras e compañeiros

Observacións:.....
.....

CÓDIGO: C = Conseguido. EP = En proceso.

Avaliación Inicial de 4 anos

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Nomea e identifica partes do seu corpo
- Coñece a función dos sentidos
- Controla os seus sentimentos e emocións
- Identifica os dous lados do seu corpo. Progresa na adquisición de hábitos relacionados coa hixiene e coa saúde
- Explora as posibilidades de movemento e de expresión do propio corpo
- Desenvolve progresivamente a coordinación óculo-manual

- Adquire progresivamente hábitos de autonomía persoal
- Respecta a quenda
- Oriéntase nos espazos cotiáns

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Identifica os conceptos: grande-pequeno, longo-curto, aberto-pechado, seco- -mollado
- Utiliza os cuantificadores: moitos-poucos, hai máis-hai menos
- Realiza seriacións de 2 elementos
- Recoñece cantidade e grafo dos números 1, 2 e 3
- Recoñece as formas planas: círculo, cadrado, triángulo
- Identifica situacións espaciais: dentro-fóra, arriba-abaixo, enriba-debaixo, preto-lonxe
- Observa e explora o seu medio natural e social máis inmediato (escola, casa, rúa)
- Coñece algunhas plantas
- Coñece e nomea animais
- Cita características do outono, do inverno, da primavera e do verán
- Utiliza axeitadamente materiais e obxectos da clase e da vida cotiá
- Participa progresivamente nos grupos cos que se relaciona
- Coñece algunhas profesións

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comprende as mensaxes que lle comunican outras persoas
- Conta ideas dalgúns contos
- Pronuncia con claridade as palabras do vocabulario básico
- Interpreta algúns pictogramas
- Coñece a utilidade dalgúns instrumentos tecnolóxicos e manéxaos
- Recoñece as cores: amarela-vermella-azul; verde-branca-rosa-negra
- Utiliza técnicas e materiais de expresión plástica
- Explora as propiedades sonoras do corpo e dalgúns instrumentos musicais
- Segue o ritmo das cancións
- Participa en dramatizacións e en escenificacións
- Coñece algunhas obras de arte

Observacións:.....

CÓDIGO: C = Conseguido. EP = En proceso.

Avaliación Final de Nivel de 4 anos

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Globalmente móvese con axilidade
- É capaz de relaxarse con facilidade
- Identifica as cores

- Verbaliza as súas percepcións
- Ten autonomía nas acción encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno
- Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas
- Sitúa os obxectos e localizaos: diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaxo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro
- Acepta as regras dos xogos
- Coñece e respecta as normas dos xogos
- Participa activamente nas actividades e tarefas
- É autónomo no coidado de si mesmo

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.....
- Asocia algún números coas cantidades que representan.....
- Recoñece algunhas figura xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo....
- Sabe diferenciar e describir consecuencias de fenómenos atmosféricos habituais (sol, choiva, xeo..).....
- Identifica normas básicas para a conservación do contorno.....
- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.....
- Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula.....

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

-
- Manifesta interese por comunicarse con outras persoas
- Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias
- Recoñece o seu nome
- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas , rimas, adiviñas...
- Participa con interese en actividades expresivas plásticas
- Participa con interese en actividades expresivas musicais
- Descubre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo
- Participa con interese en actividades expresivas corporais
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC

IV LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

- . Mantén una actitude positiva cara á lingua extranxeira.....
- . Participa empregando formas non linguísticas (xestos, acción) en actividades desenvolvidas na lingua extranxeira.....
- . Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.....

. Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.....

. Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.....

V RELIXIÓN CATÓLICA

. Participa nas diferentes actividades e amósase colaborador/ coas compañeiras e compañeiros.....

Observacións:.....
.....

CÓDIGO: C = Conseguido. EP = En proceso.

Avaliación Inicial de 5 anos

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Nomea e identifica partes elementais do seu corpo, sobre si mesmo e no outro
- Sinala os sentidos e noméaos
- Controla progresivamente os seus sentimentos e emocións, e ponlles nome
- Identifica o lado dereito e diferénciao do esquerdo
- Progresa na adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, coa comida e co vestido
.....
- Confía nas súas posibilidades para realizar tarefas
- Oriéntase nos espazos cotiáns: a súa nova clase, cal é o seu sitio, onde están os servizos.....
.....
- Coñece as normas de clase e sabe que ten que respectalas
- Aprende e pon en práctica habilidades sociais

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Identifica propiedades de obxectos: liso, rugoso, alto, baixo, ancho, estreito
- Utiliza os cuantificadores: ningún, mediano, cheo, baleiro, o máis grande
- Sitúase: diante, detrás, a través de, arredor, sobe, baixa
- Utiliza as nocións temporais: antes, despois
- Realiza seriacións de dous elementos
- Recoñece cantidade e grafo dos 7 primeiros números
- Recoñece formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo
- Observa e explora o seu medio natural e social máis inmediato
- Coñece algunhas plantas e animais domésticos e salvaxes

- Sabe o nome das catro estacións e identifica características de cada unha delas
- Respecta, coida e utiliza axeitadamente o material e os obxectos da clase
- Participa nos grupos cos que se relaciona
- Coñece algunhas profesións

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comprende ordes e mensaxes
- Fala cunha pronuncia correcta
- Memoriza poemas e sabe quen son os protagonistas dos contos e que accións realizan
- Discrimina auditivamente palabras longas e curtas
- Le e interpreta imaxes, carteis, pictogramas e algunha palabra escrita
- Recoñece o seu nome escrito
- Realiza grafos seguindo a direccionalidade correcta
- Recoñece as cores primarias e secundarias
- Utiliza técnicas e materiais de expresión plástica
- Observa con interese obras pictóricas e recoñece algunha delas
- Explora as propiedades sonoras do propio corpo e de instrumentos musicais
- Canta cancións e móvese ao ritmo dunha música
- Participa nas dramatizacións e nas escenificacións

Observacións:.....

CÓDIGO: C = Conseguido. EP = En proceso.

Avaliación Final de Nivel de 5 anos

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.....
- Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.....
- Ten unha boa coordinación de movementos.....
- É capaz de relaxarse con facilidade.....
- Identifica os sentidos e os seus organos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.....
- Verbaliza as súas percepcións.....
- Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno.....
- Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas.....
- Ppresenta unha boa motricidade finalidadesSitúa os obxectos e localízaos: diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaixo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro.....
- Acepta as regras dos xogos

- Coñece e respecta as normas da escola.....
- Participa activamente nas actividades e tarefas.....
- E autónomo/a no coidado de si mesmo

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado
- Asocia algúns números coas cantidades que representan.....
- Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, circulo, triángulo
- Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.....
- Sabe diferenciar e describir consecuencias de fenómenos atmosféricos habituais (sol, choiva, xeo.....).....
- Identifica normas básicas para a conservación do contorno.....
- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.....
- Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula.

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Manifesta interese por comunicarse con outras persoas
- Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias
- Ten unha linguaxe fluida
- Asocia producións escritas con significados
- Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas..
- Recoñece o seu nome
- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesias, rimas, adiviñas.....
- Participa con interese en actividades expresivas plásticas
- Participa con interese en actividades expresivas musicais
- descobre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo
- Participa con interese en actividades expresivas corporais
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC

IV LINGUA EXTRANXEIRA: INGLES

. Mantén unha actitude positiva cara a lingua extranxeira.....

. Participa empregando formas non linguísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua extranxeira.....

. Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.....

. Emprega expresións convencionais de cortesia de saúdo, na lingua extranxeira.....

. E, prega expresións convencionais de cortesia de despedida na lingua estranxeira.....

V RELIXIÓN CATOLICA

. Participa nas diferentes actividades e amósase colaborador/a coas compañeiras e compañeiros.....
.....

Observacións:.....
.....

CÓDIGO: C = Conseguido. EP = En proceso.

Avaliación Final de Ciclo

Ao finalizar o ciclo de educación infantil faráse una valoración global da consecución dos obxetivos por parte de cada un dos nenos-as que quedará reflexado nos documentos do centro e no xade.

9 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Documentación en relación ás familias ou aos titores legais

É de suma importancia a actitude próxima e dialogante do educador coas familias, xa que a educación dos nenos é competencia de pais e de docentes. A colaboración debe ser o máis fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e de mutuo respecto.

O intercambio de información debe darse por ambas as dúas partes: por parte do docente á familia, para informalos das actividades que se realizan no centro, da actitude do neno e das súas relacións, dos problemas que xurdan; por parte da familia ao centro sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno, da súa actitude na casa, se hai algunha necesidade especial que debe atenderse, etc.

O transvasamento de información producirase de diversas formas:

- **Reunións grupais informativas** con todas as familias do grupo, que tratarían de aspectos xerais, organización, horarios, obxectivos e contidos que se van impartir, actividades extraescolares que requiran a conformidade e o acompañamento dos pais, orientacións pedagóxicas, etc. Nestas xuntanzas, as familias coñécense e toman contacto entre elas. Realizaremos unha xuntanza antes de comezar o curso .
- **Entrevistas individuais:** son imprescindibles para obter información xeral sobre o neno, os datos básicos familiares e as expectativas que a familia ten sobre o seu fillo; así como para transmitir información por ambas as dúas partes sobre a

avaliación ou problemas puntuais que poidan xurdir. Señalaremos un día para entrevistas individuais cos pais.

- **Reunións festivas:** relacionadas coas festas propias do centro nas que voluntariamente participarán, colaborarán ou simplemente asistirán. Animarase aos pais a que participen dalgun xeito para favorecer así o bo clima entre profesores , pais e alumnos.

Boletín de información trimestral

Entregaranse ao final de cada trimestre un boletín do XADE. Nel, a familia pode atopar información da evolución do seu fillo.

Debemos facer fincapé en que nunca deben comparar a marcha das aprendizaxes de cada neno coa dos outros, xa que cada un é diferente debido ás súas posibilidades e limitacións, ten un ritmo de aprendizaxe e que o máis importante é animar o neno, potenciando a súa autoestima, pois «un neno cun autoconcepto positivo de si mesmo nunca atopará barreiras».

ENTREVISTA INICIAL COAS FAMILIAS

A. DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Lugar de nacemento:

Domicilio:

Teléfono de contacto:

B. DATOS FAMILIARES

Nai

Nome e apelidos:

Idade:

Estudos cursados:

Profesión:

DNI:

Pai

Nome e apelidos:

Idade:

Estudos cursados:

Profesión:

DNI:

Irmáns

Número de irmáns:

Lugar que o alumno ou a alumna ocupa entre eles:

C. DATOS MÉDICOS

Estado de saúde xeral:

Vacinacións:

Observacións médicas significativas:

D. HÁBITOS

Controla esfínteres?

Vai só/soa ao aseo?

Límpase?

E. NIVEL MADURATIVO

Linguaxe:

A que idade emitiu as primeiras palabras?

As súas palabras son intelixibles ou non?

Fala moito ou pouco?

Apóíase máis na linguaxe de xestos ca na oral?

Motor:

Gateou?

A que idade?

A que idade iniciou a marcha?

Ten unha marcha segura ou vacilante?

Ten algunha dificultade no movemento: pés planos, problemas de posturas, outros?

Emocional:

É nervioso/a ou tranquilo/a?

Colle rabechas a miúdo?

F. ASISTENCIA A OUTROS CENTROS ESCOLARES

Dende que idade?

Durante canto tempo estivo alí?

Con que frecuencia?

Que cambios importantes viu no seu fillo ou filla dende que vai á escola: autonomía persoal, xogos, relacións con outros nenos ou nenas?

Observacións:.....

.....

Avaliación da intervención educativa

CRITERIOS

S N

- Grao de implicación dos nenos e do docente
- Como foi a relación entre o docente e o seu alumnado?
- Poténciase o traballo en equipo?
- Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído, relaxado, imposto?
- Foron as actividades axeitadas ao grupo-clase?
- Grao de colaboración da familia

Avaliación de tempos, espazos e materiais.

TEMPOS

- Foron flexibles?
- Respectáronse os ritmos xerais e particulares?

ESPAZOS

- Organizáronse axeitadamente?
- Permitiron o desprazamento dos alumnos?
- Favoreceron o intercambio de ideas?
- Favoreceron a autonomía?
- Fomentaron o espírito de orde?

MATERIAIS

- Están ao alcance de todos?
- Localízanse visualmente con facilidade?
- Se foron: educativos, motivadores, axeitados, socializantes, non sexistas, atractivos, suficientes, seguros, limpos, estimulan a imaxinación

CUESTIONARIO PARA OS NENOS

Comentar cos nenos e coas nenas o cuestionario seguinte:

- O que máis lles gustou facer
- O que menos lles gustou facer
- Poderíamos facer algo de...
- Pasámolo: ben, regular, mal
- Aprendemos...

OBSERVACIÓNS

.....
.....

**10 METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS
COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.**

O proceso de ensino–aprendizaxe, tendo en conta as competencias básicas, como elemento organizador, debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento de cada neno, das súas características e necesidades persoais, dos intereses individuais e dos distintos estilos cognitivos.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da utilización dos seus coñecementos previos e situacións de aprendizaxe baseadas na experiencia, propoñendo actividades de manipulación, experimentación e investigación, e fomentando o descubrimento a través do xogo e do movemento.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sós, creando un clima afectivo positivo, no que se sintan seguros para poder expresarse, investigar, expor dúbidas ou pedir axuda.
- Programar actividades, adecuadas ao nivel e características de todos e cada un dos alumnos, favorecendo a formación dun autoconceito positivo e potenciando a autoestima.
- Procurar equilibrar a realización de actividades novas e variadas, que manteñan o interese e a curiosidade, con outras máis rutineiras ou reiterativas, indispensables nesta etapa.
- Potenciar o traballo cooperativo promovendo actividades que posibiliten a interacción alumno–alumno.

Segundo estes requisitos, os principios que deben orientar a nosa práctica educativa son os seguintes:

- **Enfoque globalizador**

O principio de globalización alude á conveniencia de aproximar os nenos ao que teñen que aprender desde unha perspectiva integrada e diversa. Isto implica que a diferenciación entre as distintas áreas de experiencias que aparecen no currículo non debe supoñer que a planificación do ensino e a práctica consecuente traten esas áreas de forma independente.

- **Método activo**

Supón atender aos variados aspectos que favorecen un adecuado clima de participación na aula que permita ao alumno ser o protagonista da súa propia aprendizaxe: experimentar, investigar, expresarse, preguntar...; isto é, velar pola integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

- **Motivación**

Tomando como punto de partida o nivel de desenvolvemento dos alumnos e as súas aprendizaxes previas, promoveranse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para eles, partindo dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

- **Autonomía na aprendizaxe**

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, o método favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos:

a) Utilizando estratexias comunicativas, un vocabulario e unha terminoloxía adaptados ao tipo de alumnado que temos na aula.

b) Presentando e explicando o contido das actividades que se van realizar comprobando que o alumnado fixo unha representación correcta do seu contido.

- A gradación das actividades en función do desenvolvemento evolutivo propio da etapa, o que supón xerarquizas estas en cada curso, tendo en conta que deben aparecer en último lugar as que requiran un maior grao de habilidade e autonomía.

- O respecto dunhas normas básicas sobre o traballo. Os nenos empezan a ser capaces de adoptar unha postura adecuada para realizalo, segundo o tipo de actividade e os agrupamentos; de xeito progresivo van adaptando o seu ritmo de traballo aos tempos marcados para cada tipo de actividade; aprenden a regular a súa conduta e a súa actividade para adaptala aos diferentes espazos e habitúanse a usar os materiais e os recursos de forma ordenada e coidadosa.

- Programación cíclica

Perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

- Atención á diversidade do alumnado

A intervención educativa en Educación Infantil asume, como un dos seus principios básicos, a atención ás características individuais de cada un dos alumnos, os seus diferentes ritmos de maduración e aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

- Sensibilidade pola educación en valores

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta tense en conta na presentación explícita de actividades que favorecen o desenvolvemento de capacidades, actitudes, hábitos e condutas positivas en relación con: a autonomía e o adecuado manexo da afectividade, a comunicación, a relación cos demais, a adquisición de responsabilidades, a asunción das normas sociais, o coidado da natureza e o medio natural...

- Relación coas familias

As características propias da aprendizaxe entre os tres e os seis anos esixen prestar unha especial atención á relación e coordinación pedagóxica entre a escola e as familias. Nesta etapa, a educación dos nenos e nenas está intimamente relacionada coas súas experiencias e vivencias na vida cotiá, ligándose de tal xeito que todo o que ocorre no ámbito da familia ten unha repercusión na escola e viceversa. Os nenos desta idade conciben a realidade de forma global: o que «aprenden» fóra e dentro do colexio ten para eles a mesma importancia educativa. A necesidade dunha continuidade e complementariedade nas tarefas educativas fai que a colaboración e

cooperación se expoñan como uns requisitos non só desexables, senón imprescindibles para garantir o éxito do proceso educativo.

- Establecer canles apropiadas de comunicación e coordinación entre as familias e a escola favorece que os nenos perciban a participación e o interese dos seus pais, quen, comprendendo e valorando o seu traballo e os seus logros, contribúen a incrementar a súa autoestima e motivación.

11 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais que ofrece a escola constitúen un importante instrumento para a acción e para o establecemento de relacións orientado para a construción e reorganización do coñecemento, tanto do mundo físico como do emocional e social do neno e da nena. O valor destes materiais reside fundamentalmente nas posibilidades de acción, manipulación, experimentación e conflito que proporcionen, de acordo á intencionalidade educativa e aos obxectivos que previamente se definiron.

Ofreceranse oportunidades para experimentar con recursos como as tecnoloxías da información e comunicación (ordenador, periféricos, cámara dixital, etc.), libros e material impreso, e outros materiais e recursos expresivos como pinturas, arxilas, láminas e libros de arte, mapas e lupas..

Os materiais educativos e de equipamento reunirán as seguintes características:

- Deben apoiar a actividade infantil promovendo a investigación e a exploración.
- Deben ser polivalentes, permitindo realizar diferentes accións, usos e experiencias, en función dos intereses de quen os utilice, e adecuarse aos diferentes ritmos dos membros do grupo.
- Deben ser variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil: motor, sensorial, cognitivo, lingüístico, afectivo e social.
- Deben ser, na medida do posible, elementos da vida cotiá da comunidade, útiles, ferramentas..., que, baixo supervisión de persoas adultas poidan ser utilizados coas mesmas fins para os que esta sociedade os creou.
- Colocaranse en lugares accesibles de maneira que poidan ser vistos e utilizados polos nenos e as nenas de forma autónoma, evitando a dependencia da persoa adulta, e disporanse ordenadamente para facilitar a súa situación e colocación posterior. O/A docente asegurarse de que coñecen e respectan as normas de utilización do material (como limpalo, gardalo, conservalo, etc.) e tenderá a promover a recuperación e reutilización dos materiais, axudando os nenos e as nenas a descubrir novas posibilidades de uso.

12 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Valoración inicial e vías de actuación

Con obxecto de axustarnos ás necesidades reais de cada un dos nosos alumnos/as, realizarase unha valoración das súas características individuais de acordo aos seguintes parámetros:

Avaliación do nivel de competencia curricular dos alumnos e das alumnas

Aspectos que deberemos ter en conta:

1. Tanto se se trata dun neno de novo ingreso coma se estivo escolarizado anteriormente, será conveniente esperar a que pase o período de adaptación, cando estea xa afeito á aula e se sinta querido, aceptado e protexido.
2. Decidir con que referente curricular imos avaliar o neno:
 - Se o desenvolvemento evolutivo do neno está afastado do nivel madurativo propio da súa idade cronolóxica, e co fin de identificar as lagoas existentes, utilizaremos como referentes os obxectivos xerais, contidos ou criterios de avaliación do nivel anterior.
 - Cando o nivel madurativo non se afaste excesivamente do nivel evolutivo dos outros compañeiros da súa idade, o referente que se debe utilizar serán os obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación do mesmo nivel. Isto permitiranos establecer a distancia entre o que o alumno é capaz de facer, xa sexa de forma autónoma ou coa axuda do docente, e o que se pide que alcance neste nivel. Deste xeito poderemos definir de forma máis axustada o tipo de intervención educativa que deberemos levar a cabo, onde ir eliminando axudas e onde ir ofrecendo outras novas que lle permitan ir avanzando cara ao nivel do grupo.
3. Valorar que áreas curriculares será necesario avaliar con máis profundidade, aquelas onde o neno ou a nena ten máis dificultades, seleccionando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación máis importantes.
4. Determinar unha adecuada estratexia de avaliación que nos indique con claridade o que o neno é capaz de facer en relación coas aprendizaxes propostas. En moitos casos servirannos as propias actividades da aula, pero nalgún caso, e debido ás características específicas do neno, haberá que deseñar actividades específicas de avaliación para valorar determinados aspectos.

Avaliación do desenvolvemento madurativo

A avaliación propiamente curricular non reflicte fielmente, por si mesma, o nivel madurativo dos alumnos, polo que se fai necesario realizar unha avaliación do neno por áreas de desenvolvemento: biolóxicos, intelectuais, motores, comunicativo–lingüísticos, de adaptación e inserción social e emocionais.

Criterios de observación

Área perceptivo–cognitiva:

- Relación co xogo.
- Relación cos obxectos.
- Capacidade de atención.
- Desenvolvemento do esquema corporal.
- Niveis perceptivos.
- Desenvolvemento dos conceptos espazo–temporais.
- Pensamento lóxico.
- Capacidade de simbolización.

Área de comunicación e linguaxe

- Capacidades previas: praxias, respiración, deglutición, mastigación, discriminación auditiva e capacidade articuladora.
- Comunicación xestual comprensiva e expresiva.
- Linguaxe oral comprensiva e expresiva.

Área motriz

- Motricidade grosa: control postural, xiros, posicións, coordinación dinámica xeral, equilibrio estático, equilibrio dinámico, etc.
- Motricidade fina: coordinación manual, coordinación óculo–manual, habilidades manipulativas, dominancia lateral, grafomotricidade, etc.

Área afectivo–social

- Autonomía persoal e social.
- Hábitos de alimentación, hixiene, aseo e vestido.
- Normas de comportamento.
- Interacción cos adultos.
- Interacción cos iguais.

. Como resultado da valoración inicial e ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos, prevense distintas vías de resposta.

Consideramos adaptacións curriculares cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender ás diferenzas individuais dos nosos alumnos.

Dentro das adaptacións curriculares, imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos atopar:

- Adaptacións curriculares non significativas.

- Adaptacións curriculares significativas.

Adaptacións curriculares non significativas

Aconséllase usalas cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

- Non precisan dunha organización moi diferente da habitual.
- Non afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, quixemos establecer no Proxecto curricular unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor.

Métodos diversos

Os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións en métodos didácticos son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións deben producirse non só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención destas.

Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación

As actividades educativas deben situarse entre o que os alumnos saben facer de xeito autónomo e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros. Se son demasiado fáciles, poden resultar pouco motivadoras para algúns alumnos, pero serán igualmente desmotivadoras se se atopan moi afastadas do que poden realizar, creando unha sensación de frustración pouco favorable para a aprendizaxe.

Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustar o grao de complexidade da actividade e

os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Isto implica unha dobre esixencia:

- Realizar unha análise dos contidos para determinar cales son fundamentais.
- Ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas, incluíndo actividades de ampliación ou referidas a contidos complementarios.

Material didáctico complementario

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensino–aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos que sexan máis difíciles de adquirir.
- Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento dos temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforzo ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

Adaptacións curriculares significativas

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a consecuente modificación dos criterios de avaliación.

- Destinatarios. Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais, entre os que se atopan os que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial.
- Finalidade. Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último deberá ser proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando de que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.
- Avaliación e diagnóstico previo. O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

Condicións para unha atención efectiva

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles grazas ás seguintes medidas articuladas no centro:

A cualificación do profesorado e a importancia da acción do titor

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

O método

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma que o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

No entanto, convén esmerarse na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, os métodos activos e a globalización.

Espazos

Para favorecer o proceso de integración–normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico, cando se considere necesario polas características individuais do alumnado con necesidades educativas especiais.

- Posibilidade de realizar as actividades de apoio dentro da aula.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

Tempos

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas, etc.) e outras, máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos

13 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TICS.

Nas tres aulas de Educación Infantil que posúe o centro, dispoñemos de ordenador para introducir ós nenos na informática, e utilízase para diversas actividades.

Dúas aulas están dotadas de pizarra dixital e cañón.

Trataráse de que os alumnos/as coñezan, e dentro das súas posibilidades utilicen, de xeito moderado, unha serie de aparellos que serán muy útiles para a súa formación: disco compacto, cámara de fotos, cámara de vídeo, vídeo, DVD, fotocopidora, ordenador.

Inculcaráselles o uso moderado e adecuado destas tecnoloxías da información e da comunicación.

14 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

1. INTRODUCCIÓN.

“A educación terá como obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos da persoa e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre nacións e todos os grupos étnicos ou relixiosos; promoverá o desenvolvemento das actividades da Nacións Unidas para o mantemento da paz”. (Art.26.2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos)

Dende o CPI “Tino Grandío” tomamos como referencia para a elaboración do noso plan de convivencia o citado artigo da Declaración dos Dereitos Humanos.

Consideramos que a Convivencia vai máis aló dun modelo de resolución de conflitos e de dar resposta a situacións que percibimos como negativas. Pretendemos logo facer dende o noso plan un modelo que traballe para a paz e que actúe de maneira máis preventiva que reactiva.

Por iso o traballo destes dous cursos vai máis encamiñado á dinamización e á reflexión conxunta sobre as ideas previas que temos nesta comunidade

educativa sobre o que é “convivir” que ao desenvolvemento de accións concretas. Así despois de elaborar este guiión de traballo que será ademais a estrutura do futuro Plan de Convivencia, traballaremos en cada un dos aspectos que nel recolleamos.

Desde o primeiro momento e dende o establecemento do Observatorio da Convivencia pensamos en que queriamos elaborar un documento real e que nos servise para a nosa práctica educativa, adicamos estes dous cursos á nosa formación e á avaliación das necesidades do centro a respecto do tema. Para iso iniciamos a andadura coa participación dun terzo do claustro nun Grupo de traballo sobre resolución de conflitos pacífica coa elaboración de materiais que poderemos empregar no plan de convivencia. O Plan de convivencia xorde como un elemento de traballo dinámico polo que se irá modificando e mellorando cada curso escolar.

MODELO DE XESTIÓN DA CONVIVENCIA.

Así, entendendo que o modelo punitivo presenta limitacións en canto á resolución profunda dos conflitos (reparación, reconciliación, resolución), propoñémonos traballar nun marco no que o diálogo e a resolución de conflitos pacífica vaia máis alá Partimos da idea de que a escola como organización inflúe nas dinámicas e pautas de convivencia que nela se desenvolven. Temos en conta ademais que cando reunimos datos e analizamos unha situación dunha maneira sistemática, colocámonos nunha posición privilexiada para resolver os problemas e conflitos que podan xurdir.

Unha vez revisados os distintos modelos teóricos sobre a xestión dos conflitos, establecemos que o noso traballo desenvolverase dentro dun modelo relacional e integrador. do privado e se entenda como parte admitida dende unha perspectiva de centro. É dicir, regulamentando esta vía de resolución no presente Plano de Convivencia.

OBXECTIVOS:

- Manter un clima óptimo para o desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe.
- Favorecer a aprendizaxe de valores democráticos.
- Mellorar a comunicación na comunidade educativa, tendo como base o diálogo para a resolución de conflitos.

ACTUACIÓNS:

- FAVORECER A CONVIVENCIA PACÍFICA:
 - RELACIÓNS INTERPERSONAIS. TRATO NA AULA. CLIMA DE AULA E DE CENTRO.

RELACIÓNS INTERPERSONAIS:

As relacións interpersoais deben estar presididas polo respecto mutuo, a comprensión, a aceptación e a tolerancia.

Todas as persoas da comunidade educativa respectarán estas obrigas no cumprimento e no desempeño das súas funcións. Os adultos, en xeral, e o profesorado, en particular, serán especialmente coidadosos no trato de respecto cara os alumnos e alumnas, evitando calquera expresión que de maneira directa ou indirecta poida indicar menosprezo ou desvalorización da persoa. Cando xurdan problemas actuarase de forma estrita e xusta coa conduta e ao mesmo tempo terase en conta á persoa.

A convivencia non depende so de grandes valores ou principios morais. Os seres humanos relaciónanse entre si con pequenos detalles, con xestos a primeira vista insignificantes, con accións de aparentemente de pouca entidade. Algunhas das pequenas cousas que axudarán a boa convivencia son as seguintes:

1. Ser educado e amable no trato. Saudar cando se chega e despedirse cando un se marcha: ¡bos días! ¡boas tardes! ¡Ola! ¿Que tal estás? ... ¡adeus! ¡ata logo!
2. Chamar aos demais polo seu nome propio.
3. Mirar aos ollos, de maneira prudente, de quen nos fala.
4. Sorrir. Un sorriso ou unha frase amable favorece a comunicación e facilita a convivencia pacífica.
5. Pedir as cousas “por favor” de dar as “grazas” cando se devolven.
6. Ceder o paso.
7. Aprender a pedir desculpas e a aceptar desculpas cando se fai algo que non está ben. Facer un esforzo por perdoar e esquecer os roces que podan xurdir.
8. Realizar o traballo con bo humor, alegría e optimismo. Hai moitos motivos para estar alegres, contentos e felices.
9. Utilizar unha linguaxe adecuada evitando as palabras malsoantes.
10. Falar con todos con bos modais e respectar as súas opinións. Aprender a ceder a palabra aos demais para que nos entendamos todos.
11. Non impoñer as ideas propias. Ser tolerante cos que non pensan igual.
12. Dar aos demais o mesmo trato que a un lle gustaría recibir.

ACOLLIDA DO PROFESORADO.

O noso centro é un centro cun claustro bastante estable no que a acollida do profesorado non resulta unha tarefa complexa. A pesares disto propoñémonos elaborar un manual de acollida no que se recolla a información relevante sobre o funcionamento da nosa comunidade educativa e no que incluiremos algúns documentos de interese para o profesorado e a súa práctica pedagóxica en relación á mellora da convivencia.

ACOLLIDA DO ALUMNADO.

Alumnado que se incorpora ao principio do curso:

- Acto de presentación do curso:
Presentación por parte do equipo directivo (novidades, benvida, proxectos e plans para o curso...)
- Traslado á aula de referencia co titor/a do grupo, este entregarlles unha carpeta cos seguintes documentos:
Horario do grupo
Nome do profesorado
Normas do centro
Entrega de libros de texto (gratuidade)

Alumnado que chega unha vez comezado o curso: para o alumnado que chega co curso xa comezado pode resultar difícil afacerse ao novo centro por iso teremos especial coidado nos primeiros días para que lle resulte máis doada a integración na vida escolar.

- Recollida de información e secretaría: proporcionaráselle a información sobre o seu horario e farase un percorrido polas instalacións do centro.
- Formalización da matrícula.
- Presentación do seu titor/a, quen se encargará de guialo nos seus primeiros días e de comunicar ao resto do profesorado a incorporación do alumno/a á clase.
- Presentación dos seus compañeiros/as.
- Pasada unha semana o titor/a reunirse co alumno/a para facer un seguimento da súa incorporación á vida do centro.

CREACIÓN DE GRUPO:

Fomentando dende as titorías a creación de grupo trataremos de favorecer o coñecemento entre o alumnado para que se respecten e empaticen, diminuír as condutas disruptivas, desenvolver o sentido de pertenza e crear un ambiente de seguridade e confianza para poder resolver os conflitos de forma pacífica.

RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA.

Creemos que a escola forma parte dun sistema, así a familia e a escola traballan dende dous eidos diferentes nun obxectivo común : a educación. Consideramos que é parte da nosa responsabilidade tratar de achegar ás familias a escola, ofrecéndolles información de interese e creando un clima de colaboración. Para iso cada curso escolar organizaremos accións para que a canle de comunicación estea activa e a participación das nais e pais medre.

	DESCRICIÓN	TEMPORALIZACIÓN	OBSERVACIÓNS
XUNTANZAS GRUPAIS	Benvida ás familias. información das novidades do curso e	Mes de outubro.	

	<p>presentación do profesorado e titores/as dos alumnos/as.</p> <p>Nais e pais do alumnado de PDC.</p> <p>Orientación académica e vocacional</p>	<p>Unha vez ao trimestre.</p> <p>Mes de maio e xuño.</p>	
ENTREVISTAS INDIVIDUAIS	<p>Todo o profesorado sexa ou non titor facilitará no seu horario unha hora de atención ás familias. Así mesmo, o departamento de orientación terá un horario asignado para recibir ás familias.</p>	<p>Durante todo o curso.</p>	
XORNADAS E CONFERENCIAS	<p>Organizaranse charlas e conferencias formativas para as familias.</p> <p>Organizaranse xornadas de achegamento á nosa biblioteca e a o “punto de información” adicado á educación dos fillos</p>		

CONMEMORACIÓNS

Cada curso escolar trataremos a través das titorías de realizar actividades para visibilizar os días conmemorativos que teñan relación coa solidariedade, a igualdade e a paz. Nestes casos faremos sempre unha actividade conxunta na que se coordinen e convivan as distintas etapas educativas do centro.

NORMAS DO CENTRO.

O noso centro educativo ten recollidas no seu Regulamento de Réxime Interno unha serie de normas que cada curso escolar fai chegar ás familias e ao alumnado. Estas normas están elaboradas basicamente para garantir o dereito á educación de todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas e para promover un xeito positivo de convivir.

PARTICIPACIÓN

- DIRECTA (compartir responsabilidades, escoitar a todos e todas, asemblea de aula, elaboracións de normas de aula)

NORMAS DE AULA

As normas de aula son un código de formas de actuar que todos os membros da aula deben respectar. Do que se trata coas normas de aula é de establecer en clase unha serie de principios xerais e básicos de bo comportamento e respecto; xunto coas medidas correctoras para o caso de que non se cumpra unha ou varias normas.

Para que a normas sexan comprendidas, aceptadas e apoiadas, teñen que ser elaboradas coa participación de todos os membros desa aula. Por iso estas normas deben de ser consensuadas e aceptadas por todos.

As normas de aula pódense colgar na parede e nun lugar visible para que poidamos facer referencia a elas se é preciso.

Mediante as normas de aula obtéñense mellores resultados de aprendizaxe, xa que se propicia un clima positivo, de seguridade, de confianza, de apoio, etc. o que fai que o grupo estea consolidado e cohesionado.

As normas de aula preveñen o maltrato entre iguais, reducindo o anonimato e aumentando o control social, ao darlle responsabilidades e implicacións a cada membro individual na xestión desas normas.

Un exemplo:

Norma 1. Chegar con puntualidade.

Corrección: no caso de repetirse avisar pais ou titores.

Norma 2. Saír cando soe o timbre ou cando o profesor o indique.

Corrección: quedar sen recreo.

Norma 3. Os papeis e calquera desperdicio depositaranse na papeleira.

Corrección: recollelos e limpar a aula no recreo.

Norma 4. Coidar o material da aula: cadeiras, mesas, taboleiro, libros, etc.

Corrección: poñer un informe. Reunión co titor, pagar e reparar os danos.

Norma 5. Coidar o material dos compañeiros e non collelo sen permiso.

Corrección: pedir desculpas e pagar o material estragado.

Norma 6. Durante as clases os alumnos non se erguerán sen permiso do profesor.

Corrección: o alumno pedirá desculpas ós compañeiros e se repite quedará sen recreo.

Norma 7. Os chicles non se tomarán durante as clases.

Corrección: tirar o chicle e se repite facer un traballo sobre o cumprimento das normas na sociedade.

Norma 8. Evitar insultos e pelexas.

Corrección: desculpase e facer un traballo sobre o maltrato na escola. No caso de pelexas poñer un informe.

Norma 9. Respetar a quenda de palabra e cando un compañeiro fale, os demais deben escoitar.

Corrección: pedir desculpas ao compañeiro e permanecer sen intervir durante 15 minutos. Se se repite non intervir durante o resto da clase.

Norma 10. Os alumnos traerán sempre o material a clase.

Corrección: realizar un traballo extra indicado polo profesor.

Norma 11. Os alumnos evitarán facer ruxidos durante as clases.

Corrección: quedar sen recreo e no caso de reincidir poñer un informe.

Norma 12. Durante os exames, os alumnos permanecerán calados.

Corrección: quitar un punto no exame. Se se repite, recoller o exame e facer un informe.

Norma 13. Os traballos presentaranse de forma limpa, ordenada e sempre puntuais.

Corrección: repetir o traballo.

-
- REPRESENTATIVA (delegados e xunta de delegados: organización, funcións, formación, espazos e tempos...)

Os dous seguintes apartados, por ser os que maior formación do profesorado e do alumnado requiren, así como ser os que precisan dunha minuciosa análise e revisión previa dos aspectos máis xerais da organización, serán deseñados no inicio do vindeiro curso. Para comezar neste traballo o profesorado implicado deseñará posibles estruturas de resolución de conflitos que será presentada na CCP para a súa discusión.

- ESTILO NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.
- ESTRUCTURAS: AXUDA ENTRE IGUAIS, MEDIACIÓN...

- INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA
- INDISCIPLINA E DISRUPCIÓN.

CARACTERÍSTICAS

- Interrupción do proceso de aprendizaxe.
- Imposibilidade de instruír por parte do docente e do alumnado de aprender.
- Boicot ao traballo do profesor, ao desenvolvemento da actividade de aula e ao traballo dos demais alumnos.
- Protagonizado por alumnado que non asume nin comparte os propósitos educativos do profesorado.
- Pretende chamar a atención do profesorado e /ou dos compañeiros/as

Pautas para a prevención

- Establecer límites nas primeiras semanas de curso.
- Dispoñer de normas efectivas de convivencia.
- Manter unha relación de confianza e empatía cos alumnos.
- Adestrar e incidir no respecto mutuo.
- Coñecer os roles do alumnado.
- Detectar as condutas e reconducilas.
- Variar estímulos para evitar que se produza.
- Transferir responsabilidades.

Pautas para a INTERVENCIÓN (EN CASOS LEVES)

- Non mostrar sobreenfado.
- Non mostrar confusión.
- Ser consciente da proba á que nos están sometendo.
- Evitar interpretalo como unha cuestión persoal.
- Atender sen reaccionar desproporcionadamente:
 - Ignorar condutas leves
 - Unha mirada / un xesto
- Advertencia persoal na clase, breve e privada, relaxada, positiva, sen discusións, firme.
- Advertencia persoal en privado fóra da clase.
- Cambio de ubicación.
- Darlle a posibilidade de solicitar cambio para evitar outras consecuencias.
- ABSENTISMO. “A Educación como dereito básico dos nenos e nenas”.

Se entendemos a educación como un dereito fundamental dos nenos e nenas cando se da unha situación de absentismo podemos afirmar que non se está a cumprir dito dereito básico. Para poder atallar as posibles problemáticas causantes e/ou derivadas dunha falta reiterada do alumnado á escola teremos que contar coa colaboración doutras institucións como os servizos sociais.

En xeral, podemos recoller, neste documento, dous tipos de causas que provocan o absentismo:

As centradas no alumno/a:

Psicológicas (baixa autoestima, sentimento de ineficacia, trastornos cognitivos e/ou de habilidades de aprendizaxe...)

Sociolóxicas (medio social desfavorecido, privación cultural...)

As centradas na familia:

Desestruturación da familia, ausencia de normas e desvalorización do traballo escolar.

Introdución en prácticas pseudo-laborais.

Na Educación Secundaria Obrigatoria consideramos que estamos ante unha situación de absentismo cando un alumno ou alumna falta a clase sen xustificación a un 10% das horas lectivas durante un mes.

Na Educación primaria consideramos absentismo á falta a clase sen xustificación de un día por semana durante un período consecutivo de un mes.

Pautas de actuación no centro escolar para a detección de posibles casos de absentismo:

	Acción	Responsables
	Detección	Profesorado de aula. Titor/a- Aux.administrativo Titor/a
	Intervención	Titor/a- Colabora Orientadora. Titor/a Xefa de Estudos- Orientadora. Orientadora-Directora.

15 EDUCACIÓN EN VALORES

O currículo oficial, cando se refire á educación en valores, refírese a unha serie de temas que supoñen un proceso de reflexión permanente de carácter teórico-práctico co obxectivo de fomentar o desenvolvemento da personalidade integral do alumnado, a través do desenvolvemento de habilidades, capacidades e valores sociais, cuxa relación coas intelixencias múltiples de Gardner é evidente. A educación en valores establece contidos asociados ao currículo non organizados nas diferentes áreas curriculares, xa que deben impregnar todo o que facer cotián. Desta necesidade, deriva a súa aplicación, que ademais ven xustificada legalmente tanto na LOMCE, na Orde do 22 de xullo de 1997, o Decreto 374/1996, anteriormente mencionados e definidos, e ademais

seguindo a Lei 27/2005 do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz, Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia escolar.

Así pois, os temas de educación en valores que se traballarán ao longo desta Programación didáctica, faranse con actividades globalizadas, quedarán recollidos no proxecto educativo e na concreción curricular do ciclo, e son os seguintes.

Árbore de paz (Educación Para A Paz). Pretendemos facer ver aos nenos a necesidade dunha convivencia pacífica con todo o mundo, para obter un benestar físico, psíquico e sobre todo social. Actividade: “Árbore da paz”, que consiste na creación dunha árbore, con palabras que definan a paz. Esta actividade está recollida no Plan de Convivencia do centro. Ademais desta actividade, contribuímos á educación para a paz, coa celebración do 30 de xaneiro, Día escolar a non violencia e a Paz.

Somos sans, e sans medramos (Educación Para A Saúde). Pretendemos, con actitudes saudables (alimentarias e sanitarias), prolongar os estados de benestar psicofísico e social dos nenos. Actividade: As rutinas diarias de hixiene, axudarannos a traballar este aspecto de forma directa e continuada. Ademais traballaremos co programa da xunta de Galicia *E por que?*, onde un gato chamado Tolo é o protagonista de multitude de accidentes que dificultan a súa saúde. Outra forma de traballar este valor é a través do plan proxecta no que participa o neno, concretamente co programa “Móvetete Máis”, regulado pola Resolución do 20 de maio de 2014, xunto coa celebración, o 7 de abril, do día Mundial da Saúde.

Somos iguais pero diferentes (Educación para a igualdade de oportunidades). Coñecer as diferencias sexuais físicas, e a importancia de vivirlas de forma positiva e fóra de calquera tipo de conflito entre sexos, valorando as diferencias, como unha característica positiva. Actividade: “Eu que son?”. Faremos un crebacabezas coas figuras femininas e masculinas, en tamaño natural, para que os nenos os completen nomeando cada unha das partes que usan. A conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, tamén traballamos este valor.

Ule a natureza! (Educación Ambiental). Manter o medio ambiente en boas condicións, para mellorar tamén o nos benestar xeral. Actividade: “Granxa Maruxa”. Iremos de visita á granxa, e observaremos todo o que se fai alí, para manter coidados os animais e o medio ambiente. O día 5 de xuño, celebráramos o día Mundial do Medio Ambiente, e contribuímos ao traballo deste valor.

Enlatarte (Educación Para O Consumo). Ver a importancia de consumir con moderación, tanto cando nos alimentamos, como cando mercamos cousas que

poden ser ou non precisas para o noso desenvolvemento. Actividade: Enlatarte: Traemos das nosas casas diferentes tipos de latas, e entre todos buscarémolles diferentes posibilidades lúdicas, decorativas, expresivas e musicais. O día 15 de marzo, celebrando o día Mundial dos Dereitos do Consumidor, estamos contribuindo ao traballo deste valor.

Cruzamos un paso de peóns! (Educación Viaria). Coñecer as normas básicas de seguridade viaria, e a necesidade de respectalas, para conseguir unha mellor sociedade e un benestar persoal. Actividade: “Conducimos”. Facer un circuíto viaria con cartolinas e papel, para coñecer os diferentes sinais de tráfico e traballar co programa informático *J Clic* e o programa GreenLight durante todo o curso, para a través de diferentes cortos, coñecer normas de educación viaria.

Divertímonos todos xuntos! (Educación para o lecer). Coñecer as normas de comportamento para os momentos de ocio, para poder vivilos de maneira lúdica e responsable. Actividade: facer un taller de xogos populares, para coñecer formas de pasar o tempo libre.

16 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar os nenos de infantil participarán de xeito adecuado a súa idade , nas diferentes conmemoracións que veñen marcadas no calendario escolar: día da constitución, día da paz, semana da prensa, día do libro, día da saúde,

Ademáis doutras festas culturais galegas como poden ser o magosto, o entroido, as letras galegas ou o Nadal.

Faránse algunhas saídas fora do colexio a modo de excursión , que se reflexarán na memoria do fin de curso.

Estas saídas estarán marcadas pola idade dos nenos e co consentimento dos pais.

17 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Os procedementos para avaliar a propia programación serán a observación, o diálogo entre as compoñentes do ciclo e a análise das dificultades atopadas no seu desenvolvemento. Tamén se realizarán propostas de mellora das dificultades atopadas.

Alomenos unha vez ao mes, as reunións do equipo de ciclo de E.Infantil terán por obxecto avaliar o desenvolvemento da práctica docente e aplicar as medidas correctoras que esa avaliación aconselle. Un resumo do tratado nestas reunións será corrixido nas actas correspondentes redactadas pola coordinadora do ciclo.